

EXPEDIENTE Nº 4/2016 E. L.: SERVIZO DE "BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO"

OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

"BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO"

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1ª) OBXECTO DO CONTRATO: O contrato de servizo de "**Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo**", conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a oferta presentada polo contratista. En caso de discrepancia entre pregos, primará o sinalado no de cláusulas administrativas particulares. As actuacións deste contrato radicaranse nas seguintes praias:

- 1) Praia de Agra.
- 2) Praia de Areas.
- 3) Praia da Panadeira.
- 4) Praia de Silgar.
- 5) Praia de Baltar.
- 6) Praia de Caneliñas.
- 7) Praia de Canelas.
- 8) Praia de Paxariñas.
- 9) Praia de Montalvo.
- 10) Praia de Bascuas.
- 11) Praia de Pragueira.
- 12) Praia de Major.
- 13) Praia de Foxos.
- 14) Praia de Nosa Señora de A Lanzada.
- 15) Praia de Areas Gordas.
- 16) Praia de A Lapa.

A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é **63724310-6**.

2ª) ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: Sinálase como orzamento máximo de licitación do contrato **66.115,70 €/ano**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **13.884,30 €/ano** e o orzamento máximo de licitación, **co IVE é de 80.000,00 €/ano**.

O contrato poderá ser susceptible de dúas prórrogas, de un (1) ano cada unha.

Consecuentemente, o valor estimado total do contrato e de 198.347,10 € sen IVE, o IVE ascende a 41.652,90 € e o valor estimado total do contrato incluído o IVE é de 240.000 €.

As ofertas dos licitadores referenciaranse, a baixa, ao importe do orzamento máximo de licitación por ano (12 meses), co IVE, que figura nesta cláusula (**80.000,00 €**). No caso de que o licitador non o puntualizase, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

3ª) FINANCIACIÓN: Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo a aplicación 17004/ 22706. A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercizo correspondente.

4ª) RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Dada a natureza do servizo, onde a totalidade do material a empregar na realización dos balizamentos é propiedade municipal e dada a duración do contrato, non procede a revisión de prezos do contrato.

5ª) CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

6ª) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con un único criterio de valoración, o prezo mais baixo. A tramitación é ordinaria. O órgano de contratación é a **Alcaldía** por aplicación da Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

7ª) PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS: O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en

diante Concello), das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

Poderanse presentar, dentro do prazo citado no primeiro parágrafo desta cláusula, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

8ª) DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de **DOUS (2) SOBRES** pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar á desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello a data da finalización do prazo de presentación das proposicións e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 14ª** deste prego no prazo que nesa cláusula se sinala, especialmente as condicións de solvencia que tamén se citan de seguido:

Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos TRES (3) últimos exercizos, por importe igual ou superior á 82.644,63 €/ano sen IVE. A estes efectos o licitador proposto para a adxudicación presentará copia das súas Contas Anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro

mercantil. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador proposto para a adxudicación, dunha relación dos traballos efectuados no curso dos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, avalados por certificados de boa execución, sempre cos requisitos mínimo de que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao anualidade media deste contrato (66.115,70 euros) sen IVE. A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos acreditados e os que constitúen obxecto do contrato, se tomará como criterio a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV (63, xa que o CPV é 63724310-6), ao non existir clasificación aplicable a este último no Anexo II do Real decreto 773/2015.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior á proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No SOBRE "B" e baixo denominación "OFERTA. CRITERIO AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE", realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo II deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio do prezo mais baixo para a selección do contratista que figura na **cláusula 9ª** deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

9ª) CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE:

- **Prezo mais baixo.** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación anual, **co IVE, que figura na cláusula 2ª deste prego (80.000,00 €/ano).**

10ª) MESA DE CONTRATACIÓN: A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, dous concelleiros/as nomeados pola Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións

presentadas.

11ª) CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO: A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula celebrarase na salón de sesións do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 7ª** deste prego. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil, que non fose sábado, na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A sesión non será pública e comezará coa constitución da Mesa e, a continuación, procederase á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"**, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica ou procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións.

12ª) CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECAMENTO DA CUALIFICACIÓN E APERTURA DO SOBRE "B" E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula celebrarase na salón de sesións do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA NATURAL** seguinte ao da data da apertura do **SOBRE "A"**. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil, que non fose sábado, na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, xa con carácter público, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. Posteriormente iniciárase a apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "B"** o Secretario da Mesa informará que

se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta co prezo mais baixo. En caso de existir empate nas ofertas, decidírase a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa invítase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

A reunión da Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación do contrato ao licitador que presente a proposta co prezo mais baixo.

13ª) OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionados ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

14ª) REQUISITO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA: O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador proposto pola Mesa sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar son os seguintes, que deberán ser orixinais, non obstante admitíranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais:

1. Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

- a. No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou

modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

- b. No caso de persoas físicas: Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.
2. Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.
3. Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III** deste prego, de non se encontrar dentro das prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores. Esta declaración incluírá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo (en diante Concello), co Estado e coa Seguridade Social.
4. **Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos TRES (3) últimos exercizos, por importe igual ou superior á 82.644,63 €/ano sen IVE.** A estes efectos o licitador proposto para a adxudicación presentará copia das súas Contas Anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6. Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador proposto para a adxudicación, dunha relación dos traballos efectuados no curso dos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, avalados por certificados de boa execución, sempre cos requisitos mínimo de que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao anualidade media deste contrato (**66.115,70 euros**) sen IVE. A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos acreditados e os que constitúen obxecto do contrato, se tomará como criterio **a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV (63, xa que o CPV é 63724310-6)**, ao non existir clasificación aplicable a este último no Anexo II do Real decreto 773/2015.

7. Empresas non españolas:

a. Acreditación da capacidade:

- i. Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.
- ii. Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación: Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

- b. Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

8. Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a

subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal no prazo dos **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** sinalado ao comezo desta cláusula e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9. Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE–, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

10. Garantía definitiva do 5% do importe TOTAL (prórrogas incluídas) da adxudicación, excluído o IVE.

Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

Unha vez transcurrido o prazo do requirimento, o órgano de contratación, se observase defectos ou omisións subsandables na documentación requirida nos puntos 1 ao 7 desta cláusula, ambos incluídos, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica ou procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Para a documentación requirida nos puntos 8 ao 10 desta cláusula, ambos incluídos, non existe prazo de subsanación.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazos sinalados no anterior parágrafo desta cláusula, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte coa puntuación máis elevada, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

15ª) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DIAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá

declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego. No caso de que, no prazo citado no penúltimo parágrafo da **cláusula 12ª**, deste prego se formularsen por escrito observacións ou reservas contra o acto no que se informou aos licitadores da oferta a favor da que se formularía proposta de adxudicación, resolveranse expresamente as reclamacións formuladas, previo informe da Mesa, na resolución pola que se adxudique o contrato.

A adxudicación do contrato **deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.**

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DIAS.**

16ª) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

17ª) DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

18ª) DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO: Trátase dun contrato anual do 02 de xuño de 2016 ao 2 de xuño de 2017, coa posibilidade de prorroga dúas prórrogas de un (1) ano cada unha. A primeira do 02 de xuño de 2017 ao 2 de xuño de 2018 e a segunda do 02 de xuño de 2018 ao 02 de xuño de 2019.

A vixencia do presente contrato será ata o 2 de xuño de 2017 e se levantará unha acta de entrega e estado de todo o material que é propiedade municipal, e que está custodiado polo adxudicatario. No suposto da formalización da 1ª prórroga do contrato, a acta será levantada ao remate da vixencia do contrato da prórroga, que será o 2 de xuño de 2018 ou o 02 de xuño de 2019, se o contrato é prorrogado por vez segunda e derradeira. A si mesmo se levantará un Acta de entrega de todo o material de propiedade municipal ao contratista, no comezo da prestación do contrato.

Soamente se poderá modificar o presente contrato no seguinte suposto:

**** De acordo ao previsto na cláusula 5, últimos dous parágrafos do Prego de prescricións técnicas.**

Non se prevén máis modificacións do contrato neste prego das sinaladas no parágrafo anterior, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concurra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

19ª) RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO: O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

20ª) PENALIDADES: Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

- a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurriase en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) **Por incumprir criterios de adxudicación.** Imporáse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

21ª) ABOAMENTO DO PREZO: O contratista terá dereito ao abono do servizo realizado dentro de cada anualidade de acordo aos seguintes criterios:

- 50% do importe de cada anualidade, á finalización efectiva da instalación da totalidade dos balizamentos en cada tempada; o adxudicatario presentará a factura correspondente que deberá estar informada favorablemente polos servizos técnicos municipais.
- 45% do importe de cada anualidade, á retirada efectiva da totalidade dos balizamentos en cada tempada; o adxudicatario presentará a factura correspondente que deberá estar informada favorablemente polos servizos técnicos municipais.

- 5% do importe de cada anualidade, vinculado a garda e custodia efectiva da totalidade dos balizamentos; o adxudicatario presentará a factura mensual correspondente ao rateo en oito (8) mensualidades (de novembro a xuño) que deberá estar informada favorablemente polos servizos técnicos municipais.

A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE). De non ser así as facturas presentadas serán devoltas.

22ª) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

23ª) EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, que se acordará na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 309 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

24ª) PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA: O prazo será de **SEIS (6) MESES** contado dende a data de terminación do contrato, período durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo prestouse de conformidade ao estipulado no contrato, nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a propia oferta do contratista. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido no presente prego e no art. 305 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

25ª) GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.

- b) Asumir o pago do IVE.
- c) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP e, se procédese, os gastos do anuncio da formalización do contrato no BOP, ata un máximo de **TRES MIL (3.000,00) €**.

26ª) RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP o responsable do contrato será o/a concelleiro/a que ostente ao longo da duración do contrato, a Concellería Delegada de Medio Ambiente ou aquela que, aínda tendo unha denominación distinta, teña atribuída a responsabilidade na xestión das praias.

27ª) REXIME XURÍDICO: O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 30 de marzo de 2016.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO. (incluír no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do **“Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo”**, **DECLARO** o seguinte:

- a) Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 14ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 14ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de contratación.
- b) Que o licitador autoriza á administración contratante a consultar datos que obren no seu poder ou no de outras administración, aos efectos de comprobación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA - CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE (A INCLUIR NO SOBRE "B").

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do servizo de **"Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo"**, comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na **cláusula 9ª do Prego** de Cláusulas Administrativas Particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

- **Prezo mais baixo:** Ofrezco a prestación do servizo: **"Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo"** polo seguinte prezo que expresa o orzamento máximo de licitación, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego **(80.000,00 €/ano)**:

Sen IVE _____ (en número e letra) €
IVE _____ (en número e letra) €
Total co IVE _____ (en número e letra) €

A) De acordo ao disposto na clausula 5 do prego de prescricións técnicas, realízase potestativamente a seguinte desagregación de prezos por tarefas e praias:

SI	
NON	

(márquese o que proceda). En caso afirmativo, se achega en documento anexo.

B) De acordo ao disposto na clausula 5 do prego de prescricións técnicas, realízase potestativamente a variación de prezos parciais por praias:

SI	
NON	

(márquese o que proceda). En caso afirmativo, se achega en documento anexo.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación do servizo de **"Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo"**, **DECLARO** o seguinte:

- Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de constrinximento segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES.

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta
para participar no procedemento de contratación do servizo de "Balizamento das
praias do Concello de Sanxenxo", DECLARO o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de
inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de
Galicia) que se acompaña na proposta non experimentaron variación dende a data
da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)